

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Modelo MD81PLA01

Proxecto Funcional do CIFP LEIXA

Período: 2025-2029

Índice

1	Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIFP	3
2	Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP	6
3	Sistema organizativo do CIFP	9
4	Procedementos de xestión do CIFP	11
5	Oferta integrada	12
5.1	Ensinanzas propias da formación profesional inicial	12
5.2	Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras.....	13
5.3	Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada	13
5.4	Outras.....	14
6	Programacións das accións formativas existentes no CIFP	14
7	Plan de orientación profesional.....	15
7.1	Plan de acción tutorial.....	15
8	Proxecto lingüístico do CIFP	16
9	Plan de autoprotección	16
10	Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso)	16
10.1	Descrición da residencia: instalación, persoal, destinatarios, servizos ofrecidos, horario e uso de instalacións.....	16
10.2	Réxime de funcionamento	16
10.3	Réxime de convivencia	16
10.4	Programación de actividades.....	16
10.5	Orzamento.....	16
10.6	Plan de autoprotección.....	16
10.7	Criterios e indicadores de avaliación da xestión da residencia	16
11	Dispoñibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIFP	17
12	Dereitos e deberes do alumnado	17
13	Outros proxectos ou plans que o CIFP pretende desenvolver	18

1 Descrición do ámbito económico, social e laboral do CIFP

O CIFP Leixa é un centro integrado de formación profesional, localizado no concello de Ferrol no barrio periférico de San Pedro de Leixa. Esta localización periférica vese compensada e favorecida, polas vías de acceso, tanto das estradas de San Xoán, a estrada de Catabois, como, senlleiramente, polo Acceso Norte ou a AP9, con saídas próximas ao instituto.

Nome do centro: CIFP Leixa

Dirección: Rúa San Pedro de Leixa s/n

Correo electrónico: cifp.leixa@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://centros.edu.xunta.gal/cifpleixa/>

As súas instalacións lindan coa rúa Irmandade de Doadores de Sangue e a avenida da Residencia. Comparte ubicación co Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF), integrado polos hospitales Arquitecto Marcide (que inclúe o Centro de Especialidades), o Hospital Naval e o Hospital Profesor Novoa Santos, o Centro de Atención a Minusválidos Físicos (CAMF), o Colexio de Educación Especial Terra de Ferrol, o Centro Ocupacional Souto de Leixa (Centro ocupacional de atención para adultos discapacitados). Asemade, compartimos veciñanza co Centro de Educación Especial (CEEPR) Aspanaes e o Tanatorio San Lorenzo, ambos de titularidade privada. Esta situación é moi favorable para as **especialidades sociosanitarias do instituto**

A nosa proximidade respecto ás vías rápidas, favorece a relación coas empresas da **familia gráfica**, así como do sector produtivo en xeral e dos traballadores, docentes e non docentes, que integran a comunidade educativa do CIFP Leixa. Ademais, hai dúas liñas de autobuses urbanas que, dende o centro de Ferrol, chegan ata a Residencia Sanitaria, transporte utilizado pola meirande parte dos estudantes, aínda que ano tras ano medran os que se achegan en vehículo propio. O centro ofrece un pequeno e insuficiente aparcamento para estes últimos, dispoñendo doutros dous para uso exclusivo do persoal docente, de administración e servizos e de cafetería (concesionario externo).

Non por iso podemos deixar de salientar un problema de desprazamento tanto pola insuficiencia de liñas de autobuses, en especial no referido á frecuencias, como na escaseza de prazas públicas de aparcamento na contorna, pois confluímos en horarios semellantes un elevado número de traballadores, usuarios e estudantes das entidades e empresas veciñas. Situación que se agudiza na actualidade coas obras de mellora e ampliación do complexo sanitario. Obras que inclúen un vieiro de servizos propio e prazas de aparcamento, pero que miran cara a un horizonte de 3 – 4 anos e que, ata entón, agravarán as entradas e saídas.

Segundo os estudos que ofertamos, Familias Profesionais de Artes Gráficas, Sanidade e Servizos socioculturais e á comunidade, a nosa área de influencia é moi ampla e variable, comezando polo propio concello e os límites, Valdoviño e Narón, seguindo polo norte da provincia, nomeadamente as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, as outras provincias galegas e, rematando, co territorio nacional, xa que a nosa oferta a distancia, permítenos recibir estudantes doutras Comunidades Autónomas.

A chamada comarca de Ferrol, coa súa capital, Ferrol, á cabeza, é unha zona demográfica, social e economicamente deprimida, cunhas taxas de paro elevadas. Esta situación se remonta á crise no sector da construción naval, tamén a nivel internacional, vivida durante a década dos 70, agravada por outras posteriores, tanto no século XX como no XXI, xunto co non alcanzado obxectivo de diversificación do tecido industrial. Cómpre subliñar a redución progresiva das sedes militares, moi fortes e populosas noutras décadas, como outro dos factores causantes deste declive. Por último, incluímos tamén a anticuada rede ferroviaria como outro factor de influencia negativa, pois tanto para viaxeiros como para mercadorías, supoñen un lastre na ansiada recuperación.

O significativo incremento de persoas interesadas en estudar, non só en idades que lle son propias, senón tamén noutras máis adultas na procura de actualizar a súa cualificación profesional, co obxectivo común de mellorar como individuos e potenciais traballadores, tanto na comarca como fóra dela. En xeral, nos últimos anos potenciouse a Formación Profesional e, moi en concreto na área de Ferrol, dun xeito nido e indubidable. A transformación do IES Leixa nun CIFP, fomentou unha relevante ampliación da súa oferta educativa e, por extensión, da oferta comunitaria. Esta decisión veuse correspondida co incremento de solicitudes de admisión e matrícula en todas as nosas familias profesionais, nos seus réximes, ordinario e adultos, e en calquera das súas modalidades, presencial e distancia.

No curso actual 2025-2026 incrementouse a 1184 estudantes.

Actualmente Ferrol e a súa comarca contan con catro centros integrados profesionais: CIFP Ferrolterra, CIFP Rodolfo Ucha e CIFP Leixa (Ferrol) e CIFP Fraga do Eume (Pontedeume), que ofrecen unha diversa e equilibrada oferta educativa (abano tecnolóxico, industrial, servizos, sanitario, sociosanitario, medio ambiente) que, sen dúbida, contribuirá na mellora sociolaboral e demográfica comarcal e, incluso, galega. Mellora que se complementa coa outra aposta educativa pública, a universitaria, cun campus de prestixio no eido tecnolóxico. Porén é o primeiro campus estatal recoñecido nesta especialidade, reforzado polos seus centros de investigación e emprendemento. Ademais de ofrecer outras titulacións que son punto de atracción para estudantes de toda Galicia.

Non podemos deixar de mencionar outro polo de recuperación e riqueza, económica e social, o turismo, co conseguente crecemento do sector servizos. A nosa localización, nunha ría e nunha costa privilexiadas, con praias e paisaxes únicas, converteuse nunha oportunidade para novas iniciativas emprendedoras, como a práctica de deportes náuticos, salientando entre todos o surf, prestixiado a nivel internacional, ou a inclusión do porto en rutas de cruceiros. Por outra banda o turismo histórico e de natureza, seguen a medrar e potenciarse cunha ampla acollida. Sirvan de exemplo a ruta xacobeá coñecida como "Camiño Inglés", da que Ferrol é cabeceira, os percorridos polo "Ferrol da Ilustración", "Castelos de San Felipe e A Palma" ou do "Modernismo", coa obra do ilustre arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro, que levan a traballar na iniciativa da proposta á UNESCO, a ser considerada Patrimonio Mundial da Humanidade.

Estes atractivos locais complétanse con outros comarcais como as Fragas do Eume, o Xeoparque do Ortegal, as Fragas do Eume, as rías de Ortigueira e o Barqueiro e vilas de enorme atractivo coma Pontedeume, Ares, Mugardos, Redes, Cedeira, Ortigueira ou calquera outra da nosa área de influencia. Atractivos tan diversos que, incluso, fanse eco no sector audiovisual, nacional e internacional, xa que Ferrol estase a converter nun “plató” de referencia para a filmación de curtas e longametraxes.

As actuacións son:

- Accións formativas conducentes tanto á obtención de títulos de Formación Profesional como a certificados de profesionalidade das Familias Profesionais do CIFP Leixa.
- Ofertas formativas que dean resposta ás demandas de cualificación e actualización desas cualificación, das persoas en xeral e dos traballadores/as dos sectores produtivos afíns en particular, ao longo da súa vida persoal e profesional, respectivamente.
- Fomento da formación e actividades de emprendemento entre o noso alumnado, promovendo e facilitando a formación e os recursos necesarios tanto para os estudantes a piques de titular, como nos xa titulados.
- Disposición de espazos e vías de cooperación entre o propio sistema educativo e o entorno produtivo sectorial e local, para afianzar e mellorar os vínculos coas empresas colaboradoras e ampliar tanto o catálogo das mesmas, como as súas áreas de influencia.
- Fomento da innovación, participando e/ou liderando proxectos de colaboración cos sectores educativos e produtivos, de xeito singular ou multidisciplinar, mantendo os obxectivos continuos da mellora formativa e a actualización permanente do profesorado e dos estudantes. En definitiva, promovendo a transferencia do coñecemento mutuo.
- Participación nos procesos de “Avaliación, Recoñecemento e Acreditación” (ARA) de competencias profesionais adquiridas mediante experiencia laboral e/ou formación non formal das nosas familias profesionais.
- Disposición dun servizo de información e orientación profesional, para o noso alumnado como para a poboación en xeral, a fin de dar resposta as súas inquedanzas educativas e laborais, na meta da súa mellora e crecemento persoal e profesional.
- Participación e compromiso na calidade e mellora continua da Rede de CIFP, no nivel que nos sexa requirido: Autonómico, estatal, europeo.
- Conseguir o logro do éxito escolar de todo o alumnado, incluíndo contidos en materia de igualdade entre homes e mulleres, non discriminación e prevención da violencia de xénero.

O equipo directivo está formado por:

Directora: Eva M^a Fuertes Dopico
Vicedirectora: Amelia Conde Vázquez
Xefe de estudos: Hugo Iglesias Rodríguez
Secretario: Carlos Álvarez Pantín

O equipo que foi nomeado na Resolución do 23 de xuño de 2025, propoñe e desenvolve este Proxecto Funcional do centro, como un documento pensado para un cuatrienio cumprindo os obxectivos estratéxicos da Consellería e os obxectivos propios do centro.

O Claustro de profesorado está composto por 74 docentes a xornada completa e 1 docente a media xornada, das seguintes especialidades:

511011: Inglés
511108: Intervención sociocomunitaria
590006: Matemáticas
590011: Inglés
590018: Orientación educativa
590105: Formación e orientación laboral
590108: : Intervención sociocomunitaria
590117: Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos
590118: Procesos sanitarios
590122: Procesos e produtos en artes gráficas
590219: Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico
590220: Procedementos sanitarios e asistencia
590225: servizos á comunidade
590718: Formación para á mobilidade segura e sustentable
591223: Producción de artes gráficas
598008: Producción de artes gráficas

2 Obxectivos específicos e prioridades de actuación do CIFP

No presente curso a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional estableceu oito obxectivos estratéxicos para a rede galega de CIFP. O equipo directivo ten a responsabilidade de revisar e establecer o seu calendario para o cuatrienio, 2025-2029, que pode verse na seguinte táboa:

OBXECTIVOS	Tipo de obxectivo	INDICADOR do OBXECTIVO	Valor inicial	Curso 2025 2026	Curso 2026 2027	Curso 2027 2028	Curso 2028 2029	Meta proxecto
Incrementar a oferta formativa adaptada ás persoas e ao sistema produtivo	E	N.º grupos de FP dual intensiva de grupo completo	2	2	2	2	2	2
		N.º alumnado matriculado en cursos de especialización	0	0	0	0	0	0
		N.º persoas matriculadas en AFD	12	15	25	25	25	25
		N.º grupos de grao básico	2	2	2	2	2	2
		N.º grupos de formación alta especialización (dobres titulacións, combinación de ciclos, etc.)	0	0	0	0	0	0
Incrementar o N.º de cidadáns con competencias profesionais acreditadas, a través do proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.	E	N.º estándares de competencia solicitados	722	722	800	800	800	800
		N.º estándares de competencia avaliados positivamente	517	517	600	600	600	600
		N.º accións de difusión do procedemento de acreditación de competencias profesionais	85	85	90	90	95	95
Potenciar a difusión das diferentes oportunidades que presenta a Formación profesional.	E	N.º publicacións coa etiqueta #FPGalicia en RRSS (Facebook, Instagram, TikTok, X...)	65	65	70	75	75	75
		N.º persoas que reciben atención personalizada do Departamento de Información e Orientación Profesional	372	372	400	400	410	410
		N.º accións encadradas dentro do Plan de orientación profesional integral FPGAL360	0	---	--	----	----	----
		N.º accións presenciais de difusión da FP (xornadas de portas abertas, participación en feiras sectoriais, etc.)	8	8	10	10	12	12
Promover e in-	E	N.º accións de innova-	7	7	8	8	9	9

centivar a participación en actividades de innovación.		ción desenvoltas no marco do Plan Innova FP Galicia (proxectos de innovación da DXFP, proxectos InnovaTech FP, espazos de tecnoloxía aplicada, etc.)						
		N.º proxectos de innovación de FP doutras entidades/institucións	0	---	---	---	---	---
		N.º equipos que participen en competicións de skills de FP (GaliciaSkills, SpainSkills, EuroSkills e WorldSkills)	0	2	0	2	0	2
Mellorar a capacidade dixital de centro con repercusión no alumnado	E	Porcentaxe de obxectivos do Plan dixital acadados > 85%	100	100	100	100	100	100
		N.º alumnado que emprega simuladores de realidade virtual nas aulas	40	40	50	50	50	50
Promover o emprendemento entre o alumnado	E	N.º alumnado que participa en programas do Plan Eduemprende	600	600	615	615	615	615
		N.º empresas activas no viveiro	0	0	1	1	1	1
		N.º accións organizadas polo centro para o fomento do emprendemento	11	11	12	12	12	12
Impulsar a internacionalización da FP, e concretamente do centro, e as competencias en lingua estranxeira do alumnado	E	N.º grupos bilingües ou plurilingües	4	4	4	4	4	4
		N.º mobilidades entrantes e saíntes de profesorado	5	5	6	6	6	6
		N.º mobilidades entrantes e saíntes de alumnado	8	8	9	9	9	9
		N.º de actividades destinadas á mellora das competencias lingüísticas do profesorado ou alumnado	4	4	4	4	4	4
		N.º proxectos internacionais distintos dos KA1 (KA2, CoVE, Jean Monnet, etc.)	0	0	0	0	1	1
Potenciar a formación continua	E	N.º proxectos de formación de profesorado de	1	2	2	3	3	3

do Profesorado de FP		FP (PFFP) coordinados						
		N.º accións de formación interna realizadas	8	8	8	9	9	9
		N.º estadías formativas en empresas realizadas polo profesorado no marco da convocatoria da DXFP	9	9	9	9	9	9
		% Profesorado que participa en formacións de alta especialización organizadas polo CGIFP	38	50	50	50	50	50
Optimizar o uso da Biblioteca	Centro	Nº empréstitos	400	500	500	550	550	550
		% de fondos rexistrados en Koha	20	40	60	100	100	100
Avanzar na dixitalización do centro	Centro	% profesorado que emprega o servidor	0	10	30	50	100	100
		% de actualización da pax web	10	50	100	100	100	100
Adequar as instalacións a oferta formativa	Centro	Nº proxectos de espazo de tecnoloxía aplicada	0	1	1	1	1	1
		Nº de aulas actualizadas ao ciclo formativo	0	50	100	100	100	100

3 Sistema organizativo do CIFP


Segundo establece o Regulamento orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional, a estrutura interna está distribuída en tres áreas funcionais :

- Área de calidade, innovación e orientación profesional
- Área de formación
- Área de administración e xestión.

Os órganos de participación son :

- Claustro de profesorado
- Consello Social.

O CIFP LEIXA presenta o seguinte organigrama:



4 Procedementos de xestión do CIFP

Procedementos asociados aos apartados da norma ISO 9001:2015. Rede de CIFP de Galicia

4. Contexto da organización		
41	MC41CAL	Manual de calidade
5. Liderado		
51	PR51LID	Liderado
6. Planificación		
61	PR61RIS	Riscos e oportunidades
62	PR62XES	Planificación do SXC
7. Apoio		
71	PR71ACP	Acollemento do persoal
71	PR71CAL	Homoxeneización de criterios e calibración
71	PR71FOR	Formación
74	PR74CIN	Comunicación interna
75	PR75CDC	Control da documentación e dos rexistros
8. Operación		
81	PR81PLA	Planificación do curso escolar
84	PR84COM	Provisión de recursos e compras
84	PR84MAN	Mantemento equipos e instalacións
85	PR85ACO	Acollemento do alumnado
85	PR85APF	Acreditación, probas e formación non regrada
85	PR85AUL	Actividades de aula
85	PR85AVA	Avaliación
85	PR85FCT	Formación en centros de traballo
85	PR85MAR	Titulacións de Mariña Mercante (CIFP Universidade Laboral)
85	PR85ORI	Orientación
85	PR85PRO	Programación
9. Avaliación do desempeño		
91	PR91SAT	Satisfacción das partes interesadas
92	PR92AUD	Auditorías internas
93	PR93REV	Revisión do SXC
10. Mellora		
12	PR12NCA	Xestión de non conf. e ac. correctivas (aplicación educabilidade)

Nº de procedementos 25

5 Oferta integrada

Nos seguintes apartados especificanse as accións formativas que se están a desenvolver no centro, recollendo xa nos obxectivos o traballo de mantelas e incrementalas na medida do posible

5.1 Ensinanzas propias da formación profesional inicial

1.Réxime ordinario	
Grao básico	Artes graficas
Grao medio	Atención a persoas en situación dependencia
	Coidados auxiliares de enfermía
	Farmacia e parafarmacia
	Impresión gráfica
	Preimpresión dixital
Grao superior	Animación sociocultural e turística
	Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia
	Educación infantil
	Hixiene bucodental
	Laboratorio clínico e biomédico
2.Réxime adultos presencial	
Grao medio	Emerxencias sanitarias
Grao superior	Hixiene bucodental
3.Réxime semipresencial a distancia	
Grao medio	Atención a persoas en situación de dependencia
	Farmacia e parafarmacia
	Preimpresión dixital
Grao superior	Deseño e xestión da produción gráfica
	Documentación e administración sanitarias
	Integración social
	Promoción de igualdade de xénero

4.Dual intensiva	
Grao medio	Coidados auxiliares de enfermaría
Grao superior	Formación para a mobilidade segura e sustentable

Destacamos que, ademais deste modelo formativo inicial, existen convocatorias para alumnado non matriculado no curso ordinario que se inscribe na convocatoria de **Probas libres**. A súa oferta e organización está regulada pola propia Consellería, podendo afectar a todos os ciclos e módulos impartidos.

Os departamentos profesionais dentro do **Departamento de acreditación e probas**, acordarán o seu calendario en xestión no CIFP.

5.2 Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras

Como CIFP temos a responsabilidade de ofrecer accións dirixidas a persoas desempregadas que faciliten a súa inserción e reinserción laboral nos sectores que ofertamos. Estas modalidades formativas son un dos obxectivos estratéxicos a abordar e programar polo equipo directivo.

A proposta do equipo directivo para os próximos cursos é solicitar a mesma oferta de AFD: **Impresión dixital** na familia de Artes Gráficas, **Transporte sanitario** na familia de Sanidade e **Dinamización do tempo libre infantil e xuvenil** na familia de Servizos á comunidade realizando unha maior campaña publicitaria das mesmas nas redes sociais, na páxina web e nas empresas da contorna.

5.3 Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada

Desde o sector educativo, en colaboración co produtivo, prográmanse actuacións que, poñendo en valor a experiencia profesional dos traballadores, lles permita conseguir a certificación de determinadas unidades de competencia de entre as descritas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Historicamente denominábase este procedemento "Acreditación de Competencias" e, na actualidade, "Avaliación, Recoñecemento e Acreditación de Competencias Profesionais" (ARA)

Como CIFP corresponde participar activamente nesta acción formativa, é un procedemento aberto e de carácter permanente ao longo do curso escolar, cun prazo máximo de resolución de 6 meses, dende que a solicitude teña entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Estas modalidades formativas son un dos obxectivos estratéxicos a abordar e programar polo equipo directivo.

5.4 Outras

Plurilingüismo. Programa CUALE. Auxiliar de conversa (Becas Fulbright). Mobilidades internacionais de estudantes e profesorado, saíntes e entrantes. Probas de nivel da Rede de Centros Plurilingües

Desde hai anos o CIFP Leixa ven potenciando a competencia en lingua inglesa do noso alumnado e profesorado, primeiro a través das seccións bilingües, tanto na antiga ensinanza de bacharelato, como nos ciclos formativos. Un paso máis, levounos á incorporación de ciclos plurilingües e o recoñecemento como "Centro Estrela PluriFP", o que nos permite ter un auxiliar de conversa a tempo completo, a través do programa Fulbright.

Para o próximos cursos solicitaranse proxectos de plurilingüismo e de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (programa CUALE), concretamente a modalidade CUALE B1 - Inglés dirixida á preparación para as probas de certificación do nivel B1 do MCERL (Marco Común Europeo de Referencia das Linguas).

O CIFP Leixa conta cun Departamento de Programas internacionais , adicado a internacionalización do centro educativo. Froito do compromiso coa internalización o CIFP Leixa ven de acadar en febreiro do 2025 a **Acreditación Erasmus** en el ámbito de la Formación profesional, ademais de contar dende anos coa Erasmus Charter for Higher Education. Ambas concedidas pola Unión Europea. Información dispoñible na páxina web do centro.

6 Programacións das accións formativas existentes no CIFP

Formación profesional inicial

Estas ensinanzas desenvólvense nas datas establecidas na Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia". O curso académico abrangue desde o día 1 de setembro ata o 31 de agosto.

As programacións didácticas dos módulos profesionais elaboraranse na aplicación específica ,que este ano modifícase a PROENS ,agás as programacións do ciclo medio de Coidados auxiliares de enfermaría que é un ciclo LOXSE. As programacións son revisadas polas xefaturas de departamento, e posteriormente polo xefe de estudos e o servizo de Inspección Educativa.

O seguimento mensual das programacións , faise na xa citada aplicación, mentres que a de ciclos LOXSE, realízase no documento MD85PRO03: Seguimento da programación ,que adxuntase a Educalidade.

Nos primeiros días do inicio do curso os docentes explicarán as programacións de cada módulo ao alumnado e mediante o resumo de programación, dispoñible na aula virtual do centro (Moodle) todo o alumnado terá acceso as mesmas.

Probas libres ciclos

Segundo a convocatoria publicada pola Consellería, o Departamento de acreditación e probas, organizará o seu desenvolvemento que inclúe, a publicación dunha programación específica (realizada na aplicación de programación xa mencionada) e un calendario co horario e aula onde realizar a proba.

Estes documentos faranse públicos, a través da páxina web do centro, antes do inicio das probas, para facilitar á preparación dos candidatos/as e dar a coñecer os requisitos e criterios aplicados para a avaliación de cada un dos módulos.

Accións de inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras

Nos últimos cursos académicos, a Consellería establece un prazo a finais de ano para que os centros integrados de formación profesional solicitemos aquelas accións formativas que podemos impartir. A partir desas solicitudes, a propia Consellería de Educación, Cultura, Universidades e Formación Profesional fai a adxudicación das accións formativas que se desenvolverán, indicando tamén o período no que serán impartidas. Os seus contidos e temporalización adecuaranse á propia cualificación profesional.

Accións formativas permanentes dirixidas á poboación traballadora ocupada

O procedemento de Avaliación, Recoñecemento e Acreditación de Competencias Profesionais (procedemento ARA), ao tratarse dun procedemento aberto no tempo, o único prazo significativo é o dos 6 meses para a súa resolución, a partir do momento de presentación da solicitude por parte dos interesados.

Programa CUALE.

Este programa, responsabilidade do Departamento de Inglés, cunha programación específica desenvolverase en sesións de 3 horas lectivas, de outubro a xuño, en cada unha das quendas horarias nas que se organiza a docencia no CIFP Leixa. Esta distribución permite que os estudantes da quenda de mañá, asistan á acción formativa de tarde e viceversa. Informarase ao alumnado interesado dos días de docencia : unha mañá e unha tarde.

7 Plan de orientación profesional

O Plan de orientación profesional é responsabilidade do Departamento de Información e orientación profesional (DIOP), constitúe un documento fundamental para a planificación da orientación do centro. Inclúe os seguintes documentos :

- MD85ORI01: Plan de orientación profesional
- MD85ORI03: Plan de atención á diversidade
- MD85PLA11: Programación de departamento

7.1 Plan de acción tutorial

Recollido no modelo MD85ORI02

Documento que se poden atopar na páxina web do centro

8 Proxecto lingüístico do CIFP

Elaborado o proxecto para o período 2022-2026, no documento MD81PLA08.

Revisase anualmente a distribución lingüística dos módulos para garantir o equilibrio entre as dúas linguas. De existir algunha modificación axuntárase unha addenda ao proxecto e publicarase na páxina web.

O proxecto está accesible na páxina web.

9 Plan de autoprotección

O Plan de autoprotección foi revisado no mes de decembro 2024 e modificado co nome da directora actual.

Anualmente realizase a formación correspondente, de obrigada asistencia para todo o persoal docente e non docente.

10 Plan de organización e convivencia da residencia (de ser o caso)

Non procede

10.1 Descrición da residencia: instalación, persoal, destinatarios, servizos ofrecidos, horario e uso de instalacións

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

10.2 Réxime de funcionamento

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

10.3 Réxime de convivencia

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

10.4 Programación de actividades

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

10.5 Orzamento

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

10.6 Plan de autoprotección

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

10.7 Criterios e indicadores de avaliación da xestión da residencia

Non procede. O CIFP Leixa carece deste servizo

11 Disponibilidade e accesibilidade aos servizos e ás instalacións do CIFP

O **horario xeral** de centro será de **07:30 a 22:15 horas**, co que se darán cobertura a todas as actividades e necesidades propias dun CIFP, previstas na normativa que nos rexe. Este horario podería modificarse, xustificadamente, en función da organización, xestión e recursos de centro, en especial, en períodos non lectivos e para dar resposta a outras accións formativas e/ou complementarias á formación.

A atención do alumnado é:

- Períodos lectivos:

- Quenda de mañá: De 08:30 a 15:00, cun recreo de 11:30 a 12:00
- Quenda de tarde: De 15:30 a 22:00, cun recreo de 18:30 a 19:00

- Períodos non lectivos:

- Vacacións de Nadal, e Semana Santa e do 1 ao 31 de xullo: De 10:00 a 14:00
- Agosto: De 10:00 a 13:00

Horario de secretaría

- Atención de usuarios/as e público en xeral, en período lectivo, de 09:00 a 14:00 de luns a venres. Ademais, os mércores, de 15:30 a 18:00.

En períodos non lectivos, vacacionais de Nadal e Semana Santa, de 10:00 a 14:00 e do 1 ao 31 de xullo, sempre que se dea resposta á atención requirida en cada momento.

- Secretaría virtual, as 24 horas do día todo o ano.

Este horario poderá sufrir algunha modificación xustificada, segundo se recolle na introdución deste punto.

Horario biblioteca

Dentro das quendas lectivas de mañá e tarde, no horario recollido e publicado das gardas do equipo responsable deste servizo.

Servizo de préstamo *on-line*, as 24 horas, no correo biblioteca.cifp.leixa@edu.xunta.gal

Horario de cafetería

De 08:00 a 13:30 e de 17.00 a 19:00

12 Dereitos e deberes do alumnado

Tendo en conta a normativa que os regula, en concreto:

-“Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa”, establece no seu artigo 7 os dereitos e deberes do alumnado.

-“DECRETO8/2015,do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar”, establece no artigo 19 que as normas de convivencia de cada centro educativo terán como

obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar e que ditas normas de convivencia concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 en este decreto 8/2015.

O centro dispón de documentos que regulan estes aspectos, "Normas de Organización e Funcionamento" e "Plan de convivencia e normas de convivencia ". Así mesmo dispoñemos dos documentos internos "Guías do docente e do alumnado ".

Publicados todos os documentos citados na páxina web do centro.

13 Outros proxectos ou plans que o CIFP pretende desenvolver

Biblioteca:

O equipo responsable de biblioteca recolle Modelo MD81PLA09 Plan Anual de Biblioteca todos os aspectos relacionados coa organización, xestión e obxectivos deste servizo. Plan elaborado pola coordinadora e equipo responsables, incluídos docentes de garda.

Programas internacionais: Carta Erasmus+. Programa Erasmus

Constitúe un dos obxectivos prioritarios do centro tanto para docentes como para estudantes. A persoa responsable presenta un proxecto anual que se valora na correspondente memoria final. Esta liña de traballo preserva a súa relación coa promoción de linguas estranxeiras.

Actividades complementarias

Desenvolveranse ao longo do curso de acordo ao planificado nos distintos departamentos. É responsabilidade do profesorado a súa organización e contará coa probación das respectivas xefaturas de departamento e da dirección para facelas efectivas. Ademais contan coa colaboración da Coordinación de actividades complementarias e do propio equipo directivo, en particular da vicedirección para a xestión e loxística necesarias. O centro dispón dunha instrución de traballo ao respecto, na que se recolle o proceso a seguir.

Xornadas de orientación

As xornadas de orientación é un Proxecto anual xestionado desde o Departamento de Información e Orientación Profesional que ofrece orientación académica e profesional a todos os centros educativos de Ferrol e a súa área de influencia, con charlas e puntos de información que acollen dende as universidades ata centros de ensino profesional, intentando recoller un amplo abano de alternativas formativas.

Esta actuación que, igual que a anterior, inclúe coa participación do noso alumnado e profesorado para levala a cabo, conta coa colaboración do concello na cesión dun espazo que dea cabida aos participantes.

No curso 2024-25 o CIFP Leixa foi incluído no proxecto **Galicia Educa** unha iniciativa que ten como obxectivo difundir as mostras de orientación que se celebran a nivel autonómico,

provincial, comarcal ou local. De xeito que se establece un calendario de feiras e exposicións para os centros educativos, alumnos e familias para coñecer a oferta formativa de Galicia.

Colaboracións con outras entidades

O CIFP Leixa colabora e participa con entidades, centros educativos, concellos ... pois permite aos nosos estudantes a aprendizaxe colaborativa a través de talleres de saúde bucal, reanimación cardiopulmonar, primeiros auxilios, desensibilización de usuarios do espectro autista, hixiene alimentaria, inclusión, igualdade ...

Xornadas de portas abertas

Tanto para outros centros educativos de todos os niveis, como para empresas e entidades coas que colaboramos ou pretendemos facelo. Nos permite darnos a coñecer a nós en particular e á Formación Profesional por extensión, ademais de ser unha oportunidade para futuros proxectos e colaboracións.

Certames e concursos

Desde o centro seguirase a fomentar a participación nestas convocatorias, como motivación, aprendizaxe e recoñecemento do traballo do noso alumnado: Noite das pepitas, Certame de carteis do Fraga do Eume, etc.

Documento aprobado polo Consello Social o día 13.11.2025